



UNIVERSIDADE
DE VIGO

LISTA DE ASISTENTES

D^a. Eneko Aierbe Sarasola
 D. Miguel Alfonso Pallarés
 D. José Nicanor Alonso Álvarez
 D. Luis Alonso Bacigalupe
 D^a. M^a. Luisa Alonso Escontrela
 D. Rodrigo Alonso Ricart
 D. Heliodoro Álvarez Conde
 D. Antón Álvarez González
 D. Pedro A. Araujo Nespereira
 D^a. M^a Teresa Arce Aramendi
 D. Miguel Ángel Areán Míguez
 D^a. M^a. Cristina Arias Fernández
 D. Xosé Carlos Arias Moreira
 D^a. Fátima Árias Nóvoa
 D^a. M^a. del Carmen Arriba Pérez
 D. Eladio Barbeito Lorenzo
 D. Ramón Barreiro García
 D. Isaac Beade Peralba
 D^a. Silvia Bermúdez Pérez
 D^a. M^a Isabel Bouza Álvarez
 D. Camilo Brandín Feijoo
 D. Jorge Bravo Bernárdez
 D. Enrique J. Buch Gómez
 D^a. Soledad Bugallo Petit
 D^a. M^a. Alicia Cachafeiro López
 D. Adrián Candela Iglesias
 D. Manuel Angel Candelas Colodrón
 D. Lino Pedro Canedo de la Torre
 D^a. M^a. Victoria Carballo-Calero Ramos
 D. Víctor Cardador González
 D. Alfonso Caride Losada
 D. Juan Carlos Carpintero Sánchez
 D. Javier Castro Martínez
 D. Pablo Javier Cebra Loureda
 D^a. Mercedes Cendón Falque
 D. Xosé Manuel Cid Fernández
 D. Alonso Cid Sabucedo
 D. José Cidrás Pidre
 D^a. Cristina Comesaña Cabaleiro
 D. Eusebio Corbacho Rosas
 D^a. Patricia Corbacho Suso
 D. Xosé Henrique Costas González
 D. Miguel Ángel Crestelo Blanco
 D^a. Laura Crestelo Juárez
 D. José M^a. da Rocha Álvarez
 D. Jesús De Andrés Iglesias
 D. Guillermo De Oca Cancela
 D^a. Julia M^a. D. de la Montaña Miguélez
 D^a. Encarnación De Miguel Villegas
 D. Javier de Vicente Remesal
 D. Jaime Díaz de Bustamante
 D. Domingo Docampo Amoedo
 D. José Durany Castrillo
 D. Luis Espada Recarey
 D. Miguel Ángel Esparza Torres
 D^a. Margarita Estévez Toranzo
 D. Antón Fernández Álvarez
 D. Manuel Fernández Cruz
 D. Manuel Fernández Gesto
 D. Manuel J. Fernández Iglesias
 D^a. M^a. Begoña Fernández Silvoso
 D. Ramón Ángel Fernández Sobrino

Acta da sesión ordinaria do Claustro Universitario da Universidade de Vigo, que tivo lugar o día tres de abril de dous mil un, ás 9:30 horas en primeira convocatoria e ás 10:00 en segunda, no Salón de Actos da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Telecomunicación da Universidade de Vigo.

O martes, **día 3 de abril de 2001**, ás 10:00 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Claustro Universitario co obxecto de tratar os seguintes puntos da Orde do día:

- 1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (20-12-2000)
- 2.- Informe do Rector.
- 3.- Aprobación, se procede, dos seguintes planos de estudio: Diplomado en Ciencias Empresariais (Ourense e Vigo); Diplomado en Mestre: Educación Infantil e Educación Primaria (E.U. do Profesorado-Vigo - adscrita-) ; Diplomado en Enfermería (E.U. de Meixueiro, Povisa, Pontevedra e Ourense - adscritas- (X.G 24-1-2001)) ; Filoloxía Hispánica, Filoloxía Inglesa, Filoloxía Galega e Traducción e Interpretación da Facultade de Filoloxía e Traducción de Vigo; Bioloxía e Ciencias do mar da Facultade de Ciencias de Vigo.
(X.G. 8-3-2001)
- 4.- Aprobación, se procede, dos seguintes cursos de postgrado: I Curso de Especialista en Dirección e Xestión de Programas e Centros Xerontolóxicos Socio - Sanitarios (X.G 24-1-2001); I Curso de Especialista de Axentes de Emprego; I Curso de Especialista en Empresa Familiar (X.G. 8-3-2001)
- 5.- Aprobación, se procede, da proposta de nomeamento como Doutor Honoris Causa de D. Julio Fernández Gayoso (X.G 9-11-00)
- 6.- Proposta de división do Departamento de Tecnoloxías das Comunicacións.
(X.G 24-1-2001)

D.Ángeles Filgueira Pérez
 D. José Antonio Fraiz Brea
 D. Xosé Friol Piñeiroa
 D. Antón García Fernández
 D^a. Rebeca García Francisco
 D. Guillermo García Lomba
 D^a. Aida García Molares
 D^a. manuel García Sánchez
 D. José Manuel García Vázquez
 D. Rubén Garrido Bernárdez
 D. Carlos Garrido Suárez
 D. Eduardo Godoy Malvar
 D. Roberto González Novas
 D. Alezandre Ínsua Moreira
 D. Alfonso Lago Ferreiro
 D. Francisco Abelardo Lamilla Curros
 D. Ángel Latas Parada
 D. José Luis Legido Soto
 D. Xoán Leiceaga Baltar
 D. José Lillo Beviá
 D. Martín Llamas Nistal
 D^a. M^a. del Pilar López Vidal
 D. Abel López Conde
 D. Álvaro Xosé López Mira
 D^a. Maite Louzao Arsuaga
 D. Federico Mallo Ferrer
 D^a. M^a Belén Martín Lucas
 D. Oscar Martínez Rodríguez
 D. Carlos Martínez-Peñalver Freire
 D^a. Patricia Silvia Mascuñán Tolón
 D. Salustiano Mato de la Iglesia
 D. Andrés Mazaira Castro
 D. Pedro Membiela Iglesia
 D. Gonzalo Méndez Martínez
 D. Ana Belén Méndez Fernández
 D. Pedro Merino Gómez
 D. Eduardo Moledo Caamaño
 D. Carlos Mollinedo Lois
 D. Miguel Ángel Nombela Castañó
 D. Luis Ortíz Torres
 D. Alejandro Padín Mariño
 D^a. Ana Isabel Paz Villar
 D^a. M^a Consuelo Pazo Martínez
 D. Felipe Pereiras Rodríguez
 D. Cándido Pérez Betanzos
 D. Elías Pérez Carrera
 D^a. M^a Flor Pérez Paz
 D^a. Rosalia Pérez Pérez
 D. Javier Pérez Guerra
 D. Luis Pérez Gómez
 D^a. M^a Teresa Pombo Fernández
 D. Albino Prada Blanco
 D. Félix Quintero Martínez
 D. Manuel J. Reigosa Roger
 D^a. Tera Rey Barreiro
 D. Manuel Angel Rey Fraile
 D. Filemón Rivas Conde
 D. Francisco Javier Rodríguez Berrocal
 D. Gustavo Rodríguez Fuentes
 D^a. Noa Rodríguez Cariño
 D^a. Margarita Rodríguez Holguín
 DD. Raul Fernando Rodríguez Rubio
 D^a. M^a del Pilar Rodríguez Seoane

7.- Aprobación, se procede, do regulamento

D. José Óscar Rubiños López

de centros adscritos.

8.- Aprobación, se procede, do regulamento de estudantes.

9.- Elección para cubrir as seguintes vacantes en Xunta de Goberno: Sector Decanos/Directores de Centro (1vacante), Sector estudantes (2 vacantes), Sector PAS (1 vacante)

10.- Elección para cubrir 1 vacante no Tribunal de Garantías no sector PDI.

11.- Elección para cubrir as seguintes vacantes en Comisións do Claustro: Comisión Académica: sector estudantes (3 vacantes)

12.- Rogos e Preguntas.

Punto 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (20-12-2000)

Apróbase por asentimento.

Punto 2. Informe do Rector.

O Rector informa:

- da incorporación na nómina dos Profesores Titulares de Escola Universitaria, dos complementos xa recoñecidos.

- da intención de iniciar os trámites coas autoridades educativas autonómicas para estudar a posibilidade de recoñecer (como noutras comunidades autónomas) tipos de complementos docentes ou de investigación.

- de que na Xunta de Goberno do mes de maio será tratada a proposta de programación plurianual.

- de que na sesión do Claustro de mediados de xuño incluírase , a programación plurianual e o informe anual do Rector .

D^a. Veljka Ruzicka Kenfel

D. José Luis Sáez Ocejo
 D. Anselmo Seoane-Pampín Montenegro
 D. Iago Soto Mata
 D^a. Martina Souto Cruces
 D^a. Mercedes Suárez Pazos
 D^a. Piedade Suárez Rosende
 D. Juan Carlos Surís Regueiro
 D. José Tojo Suárez
 D^a. M^a. Concepción Tojo Suárez
 D^a. Dolores Troncoso Durán
 D. Antonio Vaamonde Liste
 D. Fernando Antonio Vázquez Nuñez
 D. Camilo Vázquez García
 D. José Ángel Veiro García
 D. Manuel Velasco Graña
 D. Federico Vilas Martín
 D^a. Paula Villaverde Pérez

- da sesión do pleno do Consejo de Universidades do día 19 de abril, onde se espera que a Ministra de Educación informe das modificacións da Lei de Reforma Universitaria.

- do sorteo da letra para as intervencións neste Claustro: letra O

Punto 3. Aprobación, se procede, dos seguintes planos de estudio: Diplomado en Ciencias Empresariais (Ourense e Vigo); Diplomado en Mestre: Educación Infantil e Educación Primaria (E.U. do Profesorado-Vigo - adscrita-) ; Diplomado en Enfermería (E.U. de Meixueiro, Povisa, Pontevedra e Ourense - adscritas- (X.G 24-1-2001) ; Filoloxía Hispánica, Filoloxía Inglesa, Filoloxía Galega e Traducción e Interpretación da Facultade de Filoloxía e Traducción de Vigo; Bioloxía e Ciencias do mar da Facultade de Ciencias de Vigo. (X.G. 8-3-2001)

a) Diplomado en Ciencia Empresarias (Ourense e Vigo)

Os profesores da Escola de Estudios Empresariais de Vigo: Bouza Álvarez, Díaz de Bustamante e López Vidal e o alumno dese Centro Padín Mariño manifestan o seu desacordo co plano de Vigo que aprobou a Xunta de Goberno. Din que hai falta de correspondencia en créditos entre Vigo e Ourense en varias materias (o cal pode ocasionar problemas de validacións), e que hai erros en varios descriptores. Así mesmo, precisan que a proposta inicial foi aprobada pola totalidade da Xunta de Centro o cal debería respectarse.

O profesor Mazaira di que os erros nos descriptores son fáciles de corrixir e que debe aprobarse a proposta que vén da Xunta de Goberno.

O Vicerrector de Organización Académica responde ás intervencións anteriores. Indica que a obriga de coincidencia entre materias troncais e obrigatorias establécese na normativa de elaboración de planos de estudio. Di que a validación segue sendo posible sempre que o estudante teña aprobada a troncalidade.

O Rector di que hai que separar o debate sobre normativas do debate sobre o plano de estudos. Indica que a Xunta de Titulación de Vigo xa tivo a oportunidade de modificar o plano nos

termos fixados pola Xunta de Goberno.

Os profesores Díaz de Bustamante e López Vidal inciden nos argumentos xa expostos.

A continuación procédese á votación.

Plano de estudos de Diplomado en Ciencias Empresariais (Ourense)

A favor 38 votos

En contra 9 votos

En branco 20 votos

Nulos 1 voto

Apróbase.

Plano de estudos de Diplomado en Ciencias Empresariais (Vigo)

A favor 44 votos

En contra 0 votos

En branco 23 votos

Apróbase.

b) Plano de estudos en Diplomado en Mestre: Educación Infantil e Educación Primaria (E.U: do Profesorado- Vigo- adscrita)

Apróbase por asentimento.

c) Plano de estudos en Enfermería (E.U. de Meixueiro, Povisa, Pontevedra e Ourense - adscritas)

Apróbase por asentimento.

d) Plano de Filloxía Hispánica, Filloxía Inglesa, Filloxía Galega e Traducción e Interpretación da Facultade de Filloxía e Traducción de Vigo;

Apróbase por asentimento

e) Plano de estudos en Ciencias do Mar

Apróbase por asentimento

f) Plano de estudos de Bioloxía

Interveñen varios membros do Claustro.

O profesor Reigosa, Decano da Facultade de Ciencias, logo de loubar o traballo da Comisión de elaboración do plano di que este plano mellora o plano anterior e que é mellor paa os estudantes. Pide ós claustrais que o apoiem.

O profesor Rey anuncia o seu voto en contra que xustifica por varias carencias entre as que cita a falta de presenza de Biotecnoloxía aplicada ós animais.

A profesora G. Molaes súmase ó apoio o plano manifestado polo Decano.

O profesor Mallo anuncia o seu voto en contra. Critica a introducción de orientacións no período de emendas e di que algunhas das orientacións non foron suficientemente meditadas.

O resultado da votación foi o seguinte:

A favor	34 votos
En contra	3 votos
En branco	16 votos

Apróbase.

Punto 4. Aprobación, se procede, dos seguintes cursos de postgrado: I Curso de Especialista en Dirección e Xestión de Programas e Centros Xerontolóxicos Socio - Sanitarios (X.G 24- 1-2001); I Curso de Especialista de Axentes de Emprego; I Curso de Especialista en Empresa Familiar (X.G. 8-3-2001).

Sométense en conxunto a votación:

A favor	32 votos
En contra	3 votos
En branco	7 votos

Apróbanse.

Punto 5. Aprobación, se procede, da proposta de nomeamento como Doutor Honoris Causa de D. Julio Fernández Gayoso (X.G 9-11-00)

O Rector di que esta proposta foi aprobada en Xunta de Goberno e pide que a ratificación da mesma sexa aprobada no Claustro por asentimento.

O profesor Corbacho pide que haxa votación.

A Mesa acorda que a votación teña lugar ás 14 horas xunto co resto das votacións xa previstas.

Punto 6. Proposta de división do Departamento de Tecnoloxías das Comunicacions.
(X.G 24-1-2001)

Apróbase por asentimento.

Punto 7. Aprobación, se procede, do regulamento de centros adscritos.

Apróbase por asentimento (anexo I)

Punto 8. Aprobación, se procede, do regulamento de estudantes.

a) Emendas á totalidade:

R.E. 1353 (Gómez Soler), R.E. 1355 (Álvarez Moreira) e 11286 (López Conde e outros). Non son defendidas por ningún claustal. A Mesa as entende como retiradas.

b) Emendas parciais:

Afectan a varios artigos e foron presentadas polo profesor Corbacho (R.E. 1266) e polos Sres. Álvarez Moreira (R.E. 1312), Martínez Cacharrón (R.E. 1313), Ríos Cidrás (R. E. 1338), Cebral Loureda (R.E. 1347), Gómez Soler (R. E. 1354), Álvarez Moreira (R. E. 1356 e 1357)

Delas foron aceptadas pola Comisión as que afectan ós seguintes artigos:1.3,4,2.1,2.1.c, 3.a, 3.g, 3.q, 9,13,19.3,21.22,25,28.g,30,31,35,27.h,46 e disposición final.

As outras non foron defendidas e se entenden como retiradas.

No que atinxe ó artigo 27 o Vicerrector de Extensión Universitaria le unha nova redacción dese artigo, resultado de transacción entre o artigo inicial , a emenda presentada polo Sr. Martínez Cacharrón e a emenda presentada polo Sr. Cebral. O Sr. Cebral di que neste momento xa non está de acordo con esa redacción e solicita modificala. A Mesa acorda que a única votación posible é a que se faría entre a transacción xa citada e a inicialmente presentada polo Sr. Cebral (1347). O Sr. Cebral renuncia á defensa da emenda e se incorpora ó documento o texto transaccionado.

Tamén se incorporanó texto modificacións dos artigos 9,12,13,15,19.2,19.5,23.2, como resultado de transaccións que tiveron lugar durante a sesión do Claustro.

Por último sométese o texto final a votación

A favor 63 votos

En contra 34 votos

En branco 7 votos

Apróbase (anexo II)

Ás 14 horas tiveron lugar as votacións previstas:

Punto 5. Aprobación, se procede, da proposta de nomeamento como Doutor Honoris Causa de D. Julio Fernández Gayoso (X.G 9-11-00)

A favor 53 votos
 En contra 18 votos
 En branco 11 votos

Apróbase.

Punto 9. Elección para cubrir as seguintes vacantes en Xunta de Goberno:

- Sector Decanos/Directores de Centro (1 vacante). Presentáronse as candidaturas de D^a Julia de la Montaña Miguélez (Facultade de Ciencias - Ourense) e de D. José Cidrás Pidre (E.T.S. de Enx. Industrial). O profesor Cidrás retira a súa candidatura xa que prevalece o ámbito científico, que agora está vacante. Non sendo preciso realizar votación, pasa a formar parte da Xunta de Goberno no sector de Decanos/Directores de Centro D^a Julia de la Montaña Miguélez.

- Sector estudantes (2 vacantes). As candidaturas presentadas foron as de D. Iago Soto Mata, D. Manuel Fernández Gesto, D. Abel López Conde, D. Heliodoro Álvarez Conde e D. Javier Castro Martínez.

O número de votos acadado por cada un deles foi:

D. Iago Soto Mata	20 votos
D. Manuel Fernández Gesto	14 votos
D. Abel López Conde	1 voto
D. Heliodoro Álvarez Conde	0 votos
D. Javier Castro Martínez	0 voto

Pasan a formar parte da Xunta de Goberno D. Manuel Fernández Gesto e D. Iago Soto Mata.

- Sector PAS (1 vacante). Presentáronse as candidaturas de D. Alfonso Caride Losada e D^a Mercedes Cendón Falque . O Sr. D.Alfonso Caride manifesta a renuncia a súa candidatura. Non sendo necesario realizar votación, pasa a formar parte de Xunta de Goberno D^a. Mercedes Cendón Falque.

Punto 10. Elección para cubrir 1 vacante no Tribunal de Garantías no sector PDI.

Non houbo candidaturas.

Punto 11. Elección para cubrir as seguintes vacantes en Comisións do Claustro:- Comisión Académica polo sector estudantes (3 vacantes)

Presentáronse as candidaturas de D. Heliodoro Álvarez Conde e D. Abel López Conde que pasan a formar parte desta Comisión.

Punto 12. Rogos e Preguntas.

O Sr. Álvarez Conde pregunta porque entraron gardas de seguridade na Delegación de Económicas pedindo documentación o día da entrega da medalla de ouro á Xunta de Galicia . O Rector respóndelle que se tratou dun feito lamentable que non se volverá a repetir e que xa no seu momento fixo notar o seu malestar á policía autonómica. Di que o ocorrido púdoose deber ó nerviosismo dalgún garda de seguridade que non entendeu ben cal era a súa competencia.

Tamén pregunta pola radio universitaria.

A Sra. Comesaña roga que se reparen as pingueiras e se mellore a limpeza na Facultade de Filoloxía e Traducción.

A Sra. Bermúdez pide información sobre ó traslado de Dereito Económico.

O Sr. Ínsua roga que haxa instalacións de reciclaxe no Campus de Ourense, que se reformen as marquesinas de Económicas e que se instalen marquesinas na Biblioteca Central, no edificio de Dereito de Vigo, na Praza de España e na Praza de América.

Levántase a sesión ás 15:00 horas do día 3 de abril de 2001, da que eu como Secretaria Xeral dou fe, co vº e pr. do Rector.

O Rector,

A Secretaria Xeral,

Domingo Docampo Amoedo

Margarita Estévez Toranzo